



ÁLVARO BENAVIDES

ANTROPÓLOGO

"A frustración e o medo á violencia é a miña maior herdanza".

"Sentiamos o rexeitamento aos conflitos e o odio á guerra, estabamos cansos de violencias e persecucións mais, no medio da pobreza, estaba o soño de estudar".

Nacín en Cali (Colombia) e toda a miña vida e a da miña familia está cruzada pola violencia. Cada un de meus pais naceu nun extremo do país e, pertencendo a grupos políticos distintos, tiveron que fuxir para evitar a violencia e remataron confluíndo en Cali. Nese contexto, sentíronse desadaptados e desubicados porque non coñecían a ninguén nin tiñan familia alí.

Meu pai puido ir pouco tempo á escola, non chegou a rematar a escola básica primaria. Miña nai arrastrou tamén unha grande frustración ao non poder estudar e, con esa frustración, entra en xogo outro dos eixos deste relato, os libros. A frustración e o medo á violencia foron a nosa maior herdanza. Os libros marcáronnos a vida, por unha banda sentiamos o rexeitamento aos conflitos e o odio á guerra, estabamos cansos de violencias e persecucións pero, por outro lado, no medio da pobreza estaba o soño de estudar. Para mamá estudar era unha salvación, o único recurso que nos quedaba, dicíanos: "fillos, diñeiro nunca poderemos deixarnos, o único que podemos deixarnos e que pode ser a vosa única ferramenta son os estudos".

Eramos sete irmáns e quen desaproveitaba un ano escolar era o seu punto final. Tiñámolo moi difícil porque meu pai traballaba de obreiro raso nun enxeño de azucre e miña nai era obreira nunha grande fábrica de pneumáticos, a Croydon. Logo tivo que quedar na casa para coidarnos a todos e pasamos a vivir nove persoas cun só salario. Así é que miña nai comezou a facer presión arredor dos estudos, amargábanos a vida cos libros, pero tamén fixo algo máis lindo ca iso porque, inda na pobreza na que estabamos, tiña enxeño para conseguir folletos de pequenas versións diminutas de contos que logo sempre nos estaba a ler. Cada semana traía coa compra un conto á casa e, na cama ou no chan, estabamos arredor de mamá lendo "As mil e unha noites", algún contiño de García Márquez, as "Fábulas" de Esopo, ou escoitabamos contos da súa propia colleita porque era moi hábil para inventar historias.

No medio de moito esforzo e de moito sacrificio pasou a nosa adolescencia. Como non había recursos traballabamos e estudabamos desde nenos. Todas as vacacións eran tempo de traballo, por exemplo, faciamos bolsas de papel cos xornais para vendelos nas tendas, axudabamos a levar as compras ás casas e mesmo traballabamos nas obras do barrio como peóns de albanel. Lembro que aos oito anos traballei por vez primeira de peón de albanel picando as columnas dunha casa, era duro, cun mazo e cicel picando as paredes para levantar unha casa nova.

Peón de albanel, facedor de bolsas de papel, de cometas no tempo dos ventos, vendedor de xornais nas rúas, vendedor de zumes e xeados porque, a pesar de ser pobres, tiñamos un refrixerador que era o único do barrio, polo que conxelabamos os zumes e eses eran os nosos xeados. Mamá vendía plantas e flores porque lle encantaban e tiña moitísimas, miñas irmás lavaban roupa de outros veciños, facían croché, manteis, bordaban, tecían todo aquilo que podían para ir poñéndolle base á economía do noso fogar. Todo o mundo aportaba diñeiro que lle entregabamos a mamá e papá, logo papá dábamos unha parte a nós e a outra era un fondo común para mercar as cousas para o cole. Como tiñamos tanta presión e tantas ganas de estudar, grazas ás bolsas de estudo puidemos ir facendo a escola primaria, a secundaria e así até chegar á universidade.

Na universidade xa nós mesmos traballamos e podíamos pagar para que os menores continuaran cos seus estudos, por iso meu pai decidiu que fixeramos unha secundaria técnica, que sería como unha FP, tiña matemáticas, álgebra, química, física, pero no meu caso tamén tiña electricidade. Lembro que creamos grupos de estudo para facer cousas tolas como ler a Platón, Nietzsche, Aristóteles, e o noso escritor favorito era García Márquez; para nós era sinxelamente entrañable, porque cando un lía a García Márquez era como se se mirara ao espello, pintaba os nosos costumes e o espectro da guerra, falaba desas guerras onde nunca ninguén aparentemente gaña, só hai perdedores, e digo aparentemente, porque sempre hai poderes que se están a beneficiar

e onde o pobo sempre perde.

A soidade de meus pais foi tamén a nosa soidade, queríamos xogar e ter unha adolescencia como a que viamos nas películas e non podía ser porque tiñamos que traballar, tiñamos tantas privacións! Por exemplo, a dificultade dunha mesa na casa para estudar, ou que os veciños fan en bus ao cole e nós iamos camiñando cando chovía, non tiñamos nin sequera un paraugas, íamos con plásticos enriba da cabeza, era increíble aquilo!

Á hora da comida a carne era unha rareza, lembro que había moitísimos cultivos de soia e, así que pasaban ás máquinas, fan deixando un regueiro de froitos que todos os niños colliamos e que remataba sendo a base da nosa alimentación, a carne aparecía só de vez en cando. Era tan triste aquela época que, cando máis carne houbo na miña infancia foi cando un dos nosos veciños nola vendeu baratísima como forma de pago para facer uso de almacenaxe do noso refrixerador. Un día soubemos que o mataran, foi moi triste porque aquel home que nós admirabamos tanto era un "cuatrero", un ladrón de gando que roubaba vacas e vendía a súa carne ilegalmente, coa súa morte rematou o período da carne na casa.

Por iso creo de verdade que a pobreza é a forma máis grande de violencia.

Como pensabamos que a tecnoloxía podía ser unha boa saída laboral, comecei a estudar enxeñaría química por influencia de meu pai, pero moi pronto vin que non podía facer a carreira ao esixirme unha dedicación de tempo que eu precisaba para traballar e axudar aos meus irmáns menores a que puideran continuar estudando. Conseguí un traballo de catro da mañá a nove e media, logo ía camiñando á universidade, tiña clases de dez da mañá a oito da tarde, polo que para compaxinar traballo e estudo, pasei de enxeñaría a antropoloxía, isto permitíume rematar a carreira e facerme antropólogo.

E foi aí onde outra vez me sorprendeu a violencia. En antropoloxía atopei con xente que estaba en condicións moi diferentes á miña, era volver ás orixes. Interesáronme moitísimo os grupos de selva tropical e comecei a facer investigación, lembro que un dos meus titores díxome: "Álvaro, aquí en Colombia hai un grupo que está declarado de prioridade polas Nacións Unidas, está a piques de extinguirse, son moi poucos indíxenas e están moi ameazados, é posible que desaparezan en pouco tempo, queremos que ti fagas parte dese proxecto".

